



Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio

CMPC001

Ciencias da natureza

Parte científico-técnica. Ciencias da natureza



1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas das que soamente unha é correcta.

Puntuación

- 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- Polas respostas en branco non se descontará puntuación.
- No caso de marcar máis dunha resposta por pregunta considerarase como unha resposta en branco.

Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de: 60 minutos.



2. Exercicio

1. Como se chaman as células especializadas en captar estímulos?

¿Cómo se llaman las células especializadas en captar estímulos?

- A** Órganos dos sentidos.
Órganos de los sentidos.
- B** Receptores.
Receptores.
- C** Efectores.
Efectores.

2. Cal das seguintes é unha vantaxe da reprodución asexual?

¿Cuál de las siguientes es una ventaja de la reproducción asexual?

- A** Achégalle variabilidade á descendencia.
Aporta variabilidad a la descendencia.
- B** Só se precisa un individuo.
Solo se precisa un individuo.
- C** Produce gametos masculinos ou femininos indistintamente.
Produce gametos masculinos o femeninos indistintamente.

3. Cal dos seguintes enunciados se corresponde cunha vacina?

¿Cuál de los siguientes enunciados se corresponde con una vacuna?

- A** Preparado artificial que contén anticorpos específicos contra un patóxeno concreto.
Preparado artificial que contiene anticuerpos específicos contra un patógeno concreto.
- B** Preparado que contén substancias, chamadas principios activos, que curan a doenza ou alivian os seus síntomas.
Preparado que contiene sustancias, llamadas principios activos, que curan la enfermedad o alivian sus síntomas.
- C** Preparado que contén patóxenos inactivos que fan que o noso organismo fabrique anticorpos específicos contra eles.
Preparado que contiene patógenos inactivos que hacen que nuestro organismo fabrique anticuerpos específicos contra ellos.



4. Como se chaman as moléculas que fabrican os linfocitos para loitar contra os axentes infecciosos?
-

¿Cómo se llaman las moléculas que fabrican los linfocitos para luchar contra los agentes infecciosos?

- A** Antibióticos.
Antibióticos.
- B** Anticorpos.
Anticuerpos.
- C** Soros.
Sueros.

5. Cal das seguintes células sanguíneas é a responsable do transporte do osíxeno polo corpo?
-

¿Cuál de las siguientes células sanguíneas es la responsable del transporte del oxígeno por el cuerpo?

- A** Glóbulos vermellos.
Glóbulos rojos.
- B** Glóbulos brancos.
Glóbulos blancos.
- C** Plaquetas.
Plaquetas.

6. As células procariotas carecen de núcleo diferenciado e o ADN encóntrase no citoplasma. Sinala cal das seguintes é unha célula procariota.
-

Las células procariotas carecen de núcleo diferenciado y el ADN se encuentra en el citoplasma. Señale cuál de las siguientes es una célula procariota.

- A** Virus.
- B** Bacteria.
- C** Protozoo.

7. Os virus só realizan unha das funcións básicas dos seres vivos e fano de xeito limitado, xa que para iso precisan parasitar células. Cal é esa función que poden realizar os virus?
-

Los virus solo realizan una de las funciones básicas de los seres vivos y lo hacen de forma limitada, ya que para eso necesitan parasitar células. ¿Cuál es esa función que pueden realizar los virus?

- A** Nutrición.
Nutrición.
- B** Relación.
Relación.
- C** Reprodución.
Reproducción.



8. Os organismos autótrofos son quen de sintetizar materia orgánica a partir de materia inorgánica. Indique cal dos seguintes é un organismo autótrofo.
-

Los organismos autótrofos son capaces de sintetizar materia orgánica a partir de materia inorgánica. Indique cuál de los siguientes es un organismo autótrofo.

A Planta.

Planta.

B Paxaro.

Pájaro.

C Fungo.

Hongo.

9. Os alimentos clasifícanse, en función dos nutrientes que achegan, en enerxéticos, construtivos e reguladores. Os construtivos son ricos en proteínas. Sinala cal das seguintes parellas de alimentos son construtivos.
-

Los alimentos se clasifican, en función de los nutrientes que aportan, en energéticos, constructivos y reguladores. Los constructivos son ricos en proteínas. Señale cuál de las siguientes parejas de alimentos son constructivos.

A Pan e pasta.

Pan y pasta.

B Froitas e verduras.

Frutas y verduras.

C Carne e leite.

Carne y leche.

10. Unha dieta saudable ten que incluír a inxestión de certa cantidade de fibra vexetal. Cal das seguintes é unha característica da fibra vexetal?
-

Una dieta saludable tiene que incluir la ingesta de cierta cantidad de fibra vegetal. ¿Cuál de las siguientes es una característica de la fibra vegetal?

A A fibra vexetal non se dixire nin se absorbe no intestino, polo que é eliminada nas feces, facilitando o tránsito intestinal.

La fibra vegetal no se digiere ni se absorbe en el intestino, por lo que es eliminada en las heces, facilitando el tránsito intestinal.

B A fibra vexetal díxírese facilmente no estómago, o que fai que as dixestións sexan máis rápidas e lixeiras.

La fibra vegetal se digiere fácilmente en el estómago, lo que hace que las digestiones sean más rápidas y ligeras.

C A fibra vexetal absórbese rapidamente no intestino, achegando gran cantidade de enerxía.

La fibra vegetal se absorbe rápidamente en el intestino, aportando gran cantidad de energía.



- 11.** Cal das seguintes centrais de produción de enerxía eléctrica contribúe, polas súas emisións, ao incremento do dióxido de carbono na atmosfera?
-

¿Cuál de las siguientes centrales de producción de energía eléctrica contribuye, por sus emisiones, al incremento del dióxido de carbono en la atmósfera?

- A** Central térmica nuclear.
- B** Central térmica solar.
- C** Central térmica de carbón.

- 12.** A enerxía solar fotovoltaica é unha enerxía renovable que emprega a radiación solar para producir directamente:
-

La energía solar fotovoltaica es una energía renovable que emplea la radiación solar para producir directamente:

- A** Electricidade.
Electricidad.
- B** Auga quente.
Agua caliente.
- C** Aire quente.
Aire caliente.

- 13.** Que transformación da enerxía ten lugar cando prememos o botón dun trade eléctrico?
-

¿Qué transformación de la energía tiene lugar cuando apretamos el botón de un taladro eléctrico?

- A** Enerxía cinética en enerxía eléctrica.
Energía cinética en energía eléctrica.
- B** Enerxía eléctrica en enerxía cinética.
Energía eléctrica en energía cinética.
- C** Enerxía eléctrica en enerxía potencial.
Energía eléctrica en energía potencial.

- 14.** Cal é a enerxía que teñen os corpos en función da posición que ocupan no espazo?
-

¿Cuál es la energía que tienen los cuerpos en función de la posición que ocupan en el espacio?

- A** A enerxía química.
La energía química.
- B** A enerxía potencial.
La energía potencial.
- C** A enerxía cinética.
La energía cinética.



15. Sinale cal das seguintes fontes de enerxía é non renovable.

Señale cuál de las siguientes fuentes de energía es no renovable.

- A** Biomasa.
- B** Eólica.
- C** Nuclear de fisión.

16. Se colocamos un termómetro no interior dun recipiente transparente no que fixemos o baleiro e colocamos no exterior unha fonte de calor, podemos apreciar que a temperatura sobe no interior do recipiente. Por que mecanismo se transmitiu a enerxía calorífica ao termómetro no interior do recipiente?

Si colocamos un termómetro en el interior de un recipiente transparente en el que hicimos el vacío y colocamos en el exterior una fuente de calor, podemos observar que la temperatura sube en el interior del recipiente. ¿Por qué mecanismo se transmitió la energía calorífica al termómetro en el interior del recipiente?

- A** Radiación.
Radiación.
- B** Conducción.
Conducción.
- C** Convección.
Convección.

17. Que cambio de estado acontece cando o vapor de auga, en contacto cunha superficie fría, se transforma en auga?

¿Qué cambio de estado ocurre cuando el vapor de agua, en contacto con una superficie fría, se transforma en agua?

- A** Condensación.
- B** Fusión.
- C** Evaporación.

18. Se unha temperatura de 0 °C equivale a 273 kelvins, a cantos kelvins equivale unha temperatura de -20 °C?

Si una temperatura de 0 °C equivale a 273 kelvins, ¿a cuántos kelvins equivale una temperatura de -20 °C?

- A** -253 kelvins.
- B** 253 kelvins.
- C** 293 kelvins.



- 19.** En que estado físico estará unha substancia que se atopa a 30 °C, sabendo que o seu punto de fusión é de 10 °C e o de ebulición é de 110 °C?
-

¿En qué estado físico estará una sustancia que se encuentra a 30 °C, sabiendo que su punto de fusión es de 10 °C y el de ebullición es de 110 °C?

- A** Gas.
- B** Sólido.
- C** Líquido.

- 20.** O incremento do dióxido de carbono na atmosfera, debido a certas actividades humanas, é o responsable de:
-

El incremento del dióxido de carbono en la atmósfera, debido a ciertas actividades humanas, es el responsable de:

- A** A chuvia ácida.
La lluvia ácida.
- B** O cambio climático.
El cambio climático.
- C** O burato da capa de ozono.
El agujero de la capa de ozono.



3. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1		X		
2		X		
3			X	
4		X		
5	X			
6		X		
7			X	
8	X			
9			X	
10	X			
11			X	
12	X			
13		X		
14		X		
15			X	
16	X			
17	X			
18		X		
19			X	
20		X		
N.º de respostas correctas (C)				
N.º de respostas incorrectas (Z)				
Puntuación do test= $C \times 0,5 - Z \times 0,125$				

Nas preguntas de test, por cada resposta incorrecta descontaranse 0,125 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.